



Título: *Patagonia Express*
Autor: Luis Sepúlveda
Editorial: Tusquets Editores, 1995
Colección: Andanzas, 252
Núm. pp.: 178
Tamaño: 14 x 21 cm

O selo editorial barcelonés de Tusquets vai unido ó éxito de moi numerosos escritores contemporáneos. Un bo exemplo disto é o caso do narrador chileno Luís Sepúlveda. Aínda que vive en Alemaña dende hai anos, Sepúlveda sente a paixón das viaxes, circunstancia que recolle e recrea a súa obra narrativa; unha obra que, xa consolidada, constitúe unha atraente e orixinal aventura literaria. Con seguridade está este escritor moi preto da xuventude de hoxe en día na defensa de valores comunmente compartidos, en particular o pensamento ecolóxico, que inflúe na denuncia de Sepúlveda das agresións contra a natureza, do exterminio dalgúns especies animais e vexetais, do verquido de residuos perigosos para o mar e para a capa de ozono. Algunhas das viaxes das súas novelas foron singraduras vividas polo escritor a bordo dos barcos de Green Peace, organización da que é militante activo.

Patagonia Express constitúese a

partir da unión dun feixe de notas; trátase dun caderno configurado por unha serie de páxinas escritas en lugares, ocasións e circunstancias moi distintas. A voz do narrador (por veces protagonista), o percorrido pola grandiosa xeografía do continente americano e particularmente por terras e mares da Patagonia e Tierra del Fuego, a viaxe como fío conductor son outros tantos nexos destas páxinas. Lonxe de artellar unha única historia, Sepúlveda vai desenvolvendo pequenas narracións e o seu libro acada unha condición fragmentaria. Non interesan tanto os motivos como a paixón viaxeira, feito que determina a presentación dun amplo grupo de personaxes: presos e militares da dictadura chilena, descendentes de españois posuídos pola teima da continuidade da estirpe, aventureiros marxinais, xentes anónimas perdidas nos confíns do mundo, mariñeiros solitarios e arriscados aviadores. Manifesta o escritor a súa simpatía por algúns deles, por aqueles que viven en pacífica coexistencia co medio. Son seres ideali-

zados, solitarios ou visionarios que tentan conserva-los valores dun humanismo entre libertario e solidario.

Quen teña percorrido as páxinas de *Mundo del fin del mundo* sentirá que, en boa medida, *Patagonia Express* prosegue na mesma liña. Atopamos a sinxeleza e forza expresivas que son peculiares do escritor, os intres de emoción e o afervoado canto á xeografía americana: pequenos pobos esquecidos, homes que viven de costas á xeografía americana: pequenos pobos esquecidos, homes que viven de costas á civilización e asolagados na infinitude da pampa, preto dos perigosos mares, alonxados das vías de comunicación. Estamos, en suma, diante dunha épica protagonizada por xentes anónimas, que resisten e loitan a prol dos seus semellantes e queren ser protagonistas do seu destino; unha épica de ton menor, loxe dos estereotipos de heroísmo, pero de heroes que tentan vivir dun xeito consecuente, procura-lo ben ou, simplemente sobrevivir.

A condición de narrativa de viaxe e aventuras deste e outros libros de Sepúlveda non é obstáculo para a doada constación do substrato ideolóxico que move ó escritor e que este non agacha.

Por sorte esa ideoloxía, tinxida dun humanismo progresista, está implícita en actitudes e comportamentos, non desenvolvida discursivamente. A palabra culmina e potencia o pensamento, ó que son alleas as canles da narración.

Recoñece o autor que estes apuntes, "compañeros de un largo camino", conteñen unha certa dose de experiencia persoal, cousa que, doutra banda, xa acontece en máis dun dos seus anteriores libros. Pero tal feito non diminúe nin o mérito da súa obra nin o seu engaiolante interese. Libro a libro recoñecemos a Sepúlveda porque é posuidor dun mundo distinto e de seu, dunha escritura áxil, directa e sinxela, dun modo de olla-lo mundo que podemos asumir e dun latexo de emotividade que chega fundamentalmente ó lector. Da súa capacidade inventiva, do seu poder fabulador e das moitas cousas vividas que aínda non contou podemos agardar sen dúbida novas e amenas historias. Se acadase o cumio ó que chegou en *Un viejo que leía novelas de amor* traería de novo a ledicia ós milleiros de seguidores interesados en segui-los vieiros da súa obra. *Patagonia Express* é un fito interesante, pero non fundamental, no seu labor narrativo.

Luis Alonso Gigardo